

FP BÁSICA

Agroxardinaria e Composicións Florais

Requisitos para acceder á FP Básica

- Ser proposto/a polo equipo docente.
- Consentimento do pai, da nai ou dos/das titores/as legais.
- Facer 15 ou 16 anos no ano de inicio do ciclo formativo.
- Ter cursado o terceiro curso de educación secundaria obrigatoria ou, excepcionalmente, ter cursado o segundo curso.

A proposta do equipo docente, tamén poderá solicitar a admisión na FP Básica o alumnado de 17 anos feitos no ano de inicio do ciclo formativo, escolarizado na educación secundaria obrigatoria.

De quedar prazas vacantes, completaranse os grupos con persoas que cumpran os seguintes requisitos:

- Que fagan 18, 19 ou 20 anos no ano de inicio do ciclo formativo.
- Que non estean en posesión dun título de formación profesional ou calquera outro título que acredite a finalización de estudos secundarios completos.



FORMACIÓN
PROFESIONAL

Avda. Montecelo, 16
36161 Pontevedra
Telf.: 986 850 261

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA





1º Curso	MÓDULOS PROFESIONAIS	HORAS
	Ciencias aplicadas I	175 h.
	Comunicación e sociedade I	206 h.
	Operacións auxiliares de preparación do terreo, plantación e sementeira de cultivos	117 h.
	Operacións básicas en instalación de xardíns, parques e zonas verdes	117 h.
	Operacións básicas para o mantemento de xardíns, parques e zonas verdes	120 h.
	Operacións básicas de produción e mantemento de plantas en viveiros e centros de xardinaria	175 h.

MÓDULOS PROFESIONAIS		HORAS	2º Curso
Ciencias aplicadas II		162 h.	
Comunicación e sociedade II		135 h.	
Operacións auxiliares na elaboración de composicións con flores e plantas		135 h.	
Actividades de rega, fertilización e tratamentos en cultivos		157 h.	
Materiais de floraría		119 h.	
Formación en centros de traballo		320 h.	

Que ocupacións se desempeñan?

Peón agrícola, peón agropecuario, peón en horticultura, peón en fruticultura, peón en cultivos herbáceos, peón en cultivos de flor cortada, peón de xardinaria, peón de viveiro, peón de centros de xardinaria, peón de campos deportivos, peón de floraría, auxiliar de floraría, auxiliar de almacén de flores.

Certificacións de competencias laborais

- Actividades auxiliares en floraría.
- Actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinaria.

Título obtido

Superando un ciclo de FP básica obtense o título profesional básico correspondente que ten tanto valor académico como profesional:

- Permite o acceso aos ciclos formativos de grao medio (o perfil de cada título indica os ciclos de grao medio con preferencia de acceso).
- Ten os mesmos efectos laborais que o título da ESO e capacita para levar a cabo funcións de nivel básico de prevención de riscos laborais.